


# San Rosendo e a diocese de Lugo

Segundo L. Pérez López

## Introdución

Unha vez mais tentamos facer unha nova achega á vida de san Rosendo; esta vez na súa relación coa diocese de Lugo, e facémolo evocando as verbas dun grande amigo e difusor da devoción ó noso Santo. Falamos do ourensán Ángel Martínez Vázquez, Anxo, que no ano 1977, ano do milenario do pasamento de Rosendo Gutiérrez dicía: “La vida humana de san Rosendo había transcurrido agitada, contemplativa, reposada, desde Finisterre a León, desde Mondoñedo a Braga. Su prodigiosa personalidad desbordó el tétrico ambiente de su época, levantando los pueblos, sosteniendo la fe”<sup>1</sup>. Poderíamos engadir: e percorrendo a diocese lucense, reformando os seus mosteiros e colaborando activamente cos bispos daquela sé. É un tema que tratan tódolos biógrafos do noso Santo.

De xeito mais directo xa se ocupara deste tema, con ocasión do milenario do pasamento do Patrón de Mondoñedo e Celanova, G. Fraga Vázquez nun artigo que titulou “San Rosendo y Portomarín”<sup>2</sup>. Aínda que, despois de 30 anos de estudos sobre a figura de san Rosendo, este traballo non aporte tódolos datos que hoxe posuímos sobre o tema, non por iso deixa de ser significativo. Trascibimos aquilo que consideramos o mais importante desta achega: “Hay un período en la vida de san Rosendo en que no disponemos de muchos datos. Son los años que preceden a su elección como obispo de Mondoñedo. Hoy se cree que en este período precisamente vivió en tierras de Portomarín. Hubo un monasterio en las riberas del Loyo que llevó el nombre de San Salvador y Santa Cruz. Estaba situado en el lugar de Santa Cruz de la actual parroquia de Cortes. De este monasterio se cree que fue abad san Rosendo, ya que en una partición de bienes, que hace un tal Gundulfo el 9 de marzo del año 925, se asigna una cuarta parte a dicho monasterio y otra cuarta parte a su abad Rosendo... Los abuelos paternos de san Rosendo poseyeron el monasterio de Santa María de Loyo... hay también mención de otro monasterio de Santa Marina en Portomarín. Este lo fundaron los padres de san Rosendo... otros



monasterios en relación con san Rosendo y su familia en tierras de Lugo... el monasterio de Samos... San Lorenzo de Carboeiro... Ferreira de Pallares, fundado por D. Ero abuelo de San Rosendo. Este conde Ero fue el que fundó San Salvador de Chantada". Ata aquí o estrato de dito artigo. Veremos con mais precisión cada un destes casos.

Recentemente contamos cunha achega sobre o tema de Adolfo de Abel Vilela, publicada na revista *Lucensia*<sup>3</sup>. Trátase dunha nova aproximación ó tema, aínda que os datos alí fornecidos non son completos, nin todos son exactos nin contan co rigor preciso en tódolos seus extremos.

Mais recentes aínda son os traballos de J. Méndez Pérez, que fixo varias achegas acerca da familia de san Rosendo en relación coa fundación de San Salvador de Chantada. Trátase dunha achega crítica á documentación do mosteiro chantadino na que se descarta que fose o avó de san Rosendo o fundador directo de dito mosteiro, o cal non descarta a posibilidade de que outros membros da familia rosendiana estean na orixe do devandito cenobio<sup>4</sup>. Son traballos rigorosos e documentalmente concluíntes.

Temos testemuñas da presenza do cristianismo en Lugo desde os primeiros séculos do cristianismo, e con certeza antes do século VI<sup>5</sup>. Cara ó ano 400, a *Gallaecia*, segregada século e medio antes da *Lusitania*, estaba integrada por tres conventos: o Bracarense, que comprendía as terras entre o Miño, o Sil e o Douro; o Lucense que case se identificaba coa actual Galicia e o Asturicense que se estendía dende o Cantábrico ata a metade das terras leonesas<sup>6</sup>. Lugo, xunto con Braga e Astorga, é a unha das tres cidades existentes no noroeste peninsular<sup>7</sup>. Esta é a razón pola que, despois do 400, afiánzase o poder e o prestixio da sé de Lugo, xa que era a única existente no convento lucense. A situación fíxose problemática coa crise Prícilianista<sup>8</sup> e o reiterado intento de dividila diocese. É desde esta situación como explicariáse a ordenación de dous bispos en Lugo, Siagrius e Pastor, contra a vontade de Agrestius, noticia que nos fornece o cronicón de Hidacio: *in conuentu Lucensi contra uoluntatem Agrestii Lucensis episcopi Pastor et Syagrius episcopi ordinantur*<sup>9</sup>.

Con todo, será Martiño de Dumio quen, no século VI, impulse a creación da sé lucense, en dependencia da Igrexa de Braga<sup>10</sup>. A labor do Dumense para traer a fe católica, coa conversión de Teodorico, é un dos feitos mais importantes para a *Gallaecia* alto medieval, tanto no nivel político como no relixioso e pastoral<sup>11</sup>. Un feito importante referente a diocese de Lugo é que San Martiño, no ano de 573 ou 574, dedica a súa obra *Canones ex orientalibus synodis* a Nitigisio, bispo de Lugo, e os restantes prelados do convento lucense, e outórgalle a esta sé a condición de *sedis apostolicae*<sup>12</sup>. É probable que san Martiño se refira a Lugo con este título por considerala a sé principal e que sempre se mantivera na ortodoxia da fe apostólica,

cousa que non sucedera, por exemplo con Astorga, e ademais, nesta data, xa existían na *Gallaecia* as dioceses de *Auria*, *Asturica*, *Tude*, *Iria* e a *sedes Britonorum*<sup>13</sup>.

No século X, época de san Rosendo, Lugo continuaba a repoboación e reconstrución, logo de ser arrasada pola invasión árabe. O comezo desta renovación atribúese ao bispo Odoario uns douscentos anos antes<sup>14</sup>.

A “Gallaecia”, no seu sentido máis amplo (desde o cantábrico ao Douro, e desde o Atlántico ao río Cea), foi a única provincia visigoda peninsular que conseguiu sobrevivir á hecatombe musulmá do ano 711. De feito, serviu de refuxio a moitos cristiáns que fuxiron da dominación africana (*entregáronse por capitulación ou fuxiron a Galicia... fuxiran a Galicia*<sup>15</sup>), e tardou aínda tres anos en ser conquistada polo gobernador africano en persoa, Musa b. Nusayr (*tiña... vehementes desexos de penetrar na comarca de Galicia... non quedaba en España máis comarca que a Galicia que non estivese en poder dos árabes... conquistou os castelos de Viseo e Lugo, e alí se detivo... non quedou igrexa que non fose queimada, nin campá que non fose rota*<sup>16</sup>). Unha situación que se mantivo só durante uns cantos lustros, tendo en conta que os berberiscos españois, ao saber o triunfo que os de África habían acadado contra os árabes... subleváronse... e mataron ou escorrentaron ós árabes de Galicia, e que logo foron eles mesmos os que cando a fame arreou... fóronse repregando detrás das gargantas do outro cordal (Sistema Central), e para Coria e Mérida, no ano 36 (= xullo 753 - xuño 754)<sup>17</sup>, deixando á “Gallaecia” (e á toda a meseta norte) nunha situación moi difícil, isto é, abandonada á súa sorte, sen señor natural, entre un pequeno reino astur (incapaz de absorbelo politicamente nin de influír nela en ningún sentido, cultural, social ou eclesiástico, tal e como fixeron os francos coa provincia visigoda Narbonense) e un axitado, aínda que poderoso, emirato cordobés, gobernado desde 756 polo primeiro omeya Abde-rahmán I, que, como os seus sucesores, non mostrou moito interese polo seu control político efectivo: Temos omitido toda referencia ao país de Yalliqiyya= “Gallaecia”, a pesar da súa extensión, e ao dos francos [a “Narbonense”], a pesar do seu tamaño, porque non pertenceron aos musulmá<sup>18</sup>.

A figura de san Rosendo<sup>19</sup> abarca os máis diversos campos da vida espiritual, política e social da vida galega do seu tempo. Coñéceselle como bispo de Mondoñedo, gobernador e pacificador de Galicia, bispo do *locus apostolicus* (*Santiago*)<sup>20</sup> e, sobre todo, como fundador e reformador do monacato galego, coa súa fundación emblemática en Celanova. Escribiuse moito sobre el desde o século XII ata os nosos días<sup>21</sup>; con todo, non cabe dúbida que, desde o punto de vista documental, atopamos unha maior relación de san Rosendo cos territorios e personaxes da diocese lucense que con outros lugares de Galicia. San Rosendo estivo moi vinculado á diocese lucense por parentesco, relación con varias fundacións monásticas e ligado con auténtica fraternidade ós bispos lucenses. Este aspecto da vida do noso Santo non foi abordada con precisión na literatura rosendiana mais aló das refe-

rencias que sinalamos mais arriba. A partir dos documentos por el asinados, e que confirman a súa intervención en diversos asuntos da Igrexa Lucense, podemos afirmar que atopamos máis escrituras relacionadas coa diocese de Lugo que coa Mindoniense da que Rosendo foi bispo máis de 25 anos<sup>22</sup>.

## 1. Os ascendentes de San Rosendo

Cando Don Emilio Sáez redactou o seus traballos sobre os ascendentes de San Rosendo<sup>23</sup>, e as notas ó episcopologio mindoniense do século X<sup>24</sup>, fixo moito máis que estudar o contorno familiar do noso santo: sentou as bases para situar debidamente á “Gallaecia”, con todo o que esta denominación leva consigo, no contexto político e eclesiástico máis adecuado da monarquía leonesa do século X, equilibrando así en boa medida, a través da figura de san Rosendo, o marcado protagonismo que desde o século IX se viña acentuado sobre Castela de forma excesivamente desproporcionada. Todo o cal nos vén a dar “a priori” unha idea clara sobre a importancia que chegou a acadar no seu século X o santo mindoniense.

O tronco familiar de san Rosendo reúne o conxunto de propiedades máis importantes da Galicia da época. O seu núcleo central sitúase na actual provincia de Ourense, arredor de Celanova, ás beiras dos ríos Limia e Támega, en terras do Avia e na zona de Castro Caldelas. Tamén está integrado por bens situados noutros lugares da Galicia actual entre os ríos Deza e Arnego, en torno a Sarria e Guntín, na cunca de Lemos e na costa, dende o Morrazo ás rías altas, e fóra dela, en Asturias, El Bierzo, Zamora ou o Val do Mondego. Polo tanto, trátase dun patrimonio integrado por un elevado número de propiedades de diversa magnitude e caracterizado por un acusado grao de dispersión, que aparece, ante todo, como o froito combinado da herdanza e o matrimonio<sup>25</sup>. Por isto podemos dicir que, entre as moitas facetas de san Rosendo, existe unha na que o poderíamos titular o santo dos camiños. En efecto, a vida de Rosendo é un continuo atravesar a antiga Gallaecia sueva de norte a sur e ó este de forma constante. Podemos facilmente, a través da documentación do seu tempo, reconstruír o itinerario rosendiano. El fai camiño para dirimir preitos, poñer paz nas familias, fundar ou reformar mosteiros, liberar escravos, aconsellar ós reis ou dirixir espiritualmente ás persoas que buscaban maior perfección. Vexamos pois algúns datos que o confirman.

No *colmellum diuisionis*, distínguense, ademais dos núcleos básicos de apropiación no interior, tres ámbitos territoriais situados fóra da Galicia actual: Portugal, El Bierzo e o que no texto se denomina Terra de Fóra. A situación desta última en terras leonesas da meseta é un indicio máis da persistencia, á altura do século X, da idea de *Gallaecia*, tal como, polo intermediario xermánico, se transmitiu dende o mundo antigo. Ademais distínguense, neste documento, as propiedades in Portucale das propiedades in suburbio Conimbrie, é dicir, o territorio ao norte do

Douro que forma parte de *Gallaecia*, e os espazos centrados polo importante núcleo de Coimbra que foron gañados recentemente aos musulmáns no Val do Mondego.

As residencias, as propiedades, castelos, etc. presentan un escenario de vida para os membros do grupo aristocrático ó que pertence san Rosendo que, dende Asturias a Portugal e dende León ata o Salnés, achégase, ao espazo que, no noroeste peninsular, dominan os reis de León. Esta impresión refórzase cando se pensa que monarcas e nobres, de xeito especial neste lugar e neste tempo, non son realidades distantes, senón que, máis ben, se poden definir como membros do mesmo grupo e, neste caso, como membros da mesma familia<sup>26</sup>.

Non cabe dúbida que san Rosendo tivo ascendentes lucenses aínda que ignoremos o nome de dous bisavós maternos do santo, e a procedencia dos outros dous, Fernando e Gotina, si sabemos, polo menos, que o fillo destes, Ero Fernández, tivo propiedades en Lugo onde fundou o mosteiro de Santa María de Ferreira de Pallares, ao que posiblemente se retirou (*ubi Erus comes habitabit*)<sup>27</sup>. Pódese afirmar con claridade que a súa esposa Adosinda consta radicada na actual provincia de Lugo<sup>28</sup>.

Polo que respecta á rama paterna, é sabido que os bisavós Gutier e Elvira tiveron propiedades no val de Sarria (Lugo)<sup>29</sup>. E que o seu consogro Gatón foi propietario do mosteiro de San Pedro e San Paulo de Triacastela (*quae restauravit*)<sup>30</sup>.

Tamén nos consta que o pai, Gutier Menéndez, estivo radicado en lugares moi distantes do reino: en Portomarín (*in territorio Galliciense uillam... quam dicunt Portum Marini*); e en Canedo (felig. na prov. de Lugo, concello de Monforte de Lemos, anexa de San Martiño de Bascós), no río Miño (*secus ripa flumine Minei, meam portionem en uilla Canetum*)<sup>31</sup>. Sábese que no ano 922 vivían nas súas posesións do lugar de Santa Mariña en Portomarín. E que a partir de 927 habitaron na súa residencia de Vilanova dos Infantes, onde continuou a familia tras a morte de Gutier, pai do noso Santo, en 933. Santa Ilduara, nai de Rosendo, viviu en Vilanova ata a súa morte no ano 958<sup>32</sup>.

Unha mención especial merécea o conde Hermenexildo Gutiérrez, documentado nos anos 869-912, foi fillo do conde Gutierre Aloitez e a súa esposa dona Elvira. Casou cara ó ano 864 con dona Ermesinda Gatónez, filla do conde don Gatón e dona Egilo, e curmá de Afonso III o Magno. A vida de don Hermenexildo, é case coincidente coa de Afonso III o Magno. Aparece por primeira vez citado no ano 869 ó actuar como xuíz o lado do seu sogro na resolución de preitos derivados da organización do territorio berciano leonés. Na década de 870 aparece como membro do Consello Real. Desde o ano 873 é conde de Tui e Oporto. O ano 878 toma por asalto coas súas tropas galegas a cidade fortificada de Coimbra, bastión defensivo da fronteira occidental de Al-Andalus. O emir de Córdoba envía un poderoso exército

que pon sitio á cidade, pero o conde don Hermenexildo resiste valorosamente ata a chegada das tropas do rei Afonso III, infrinxindo ós musulmáis unha total derrota. O monarca encárgalle a repoboación de Coimbra, o cal realiza satisfactoriamente. Desde o ano 883 ocupou o cargo na corte de Mordomo Real.


A súa fidelidade a Afonso III ponse a proba durante a rebelión do nobre Witiza, propietario de terras no curso medio do río Miño. O Rei encomenda ao conde don Hermenexildo que o someta, o cal consegue no ano 895, levando a Witiza á presenza do Rei en Oviedo, quen condénao e déixao morrer nunha cela. O Rei prémiao coa posesión das terras de Witiza, para el e os seus descendentes.

Ó pouco tempo (c.895), o segundo fillo do Rei, Ordoño II, que empezaba a substituír ao seu pai, casa con Elvira, filla do conde don Hermenexildo.

A súa última referencia é de maio 912, confirmando como testemuña un diploma do seu xenro Ordoño a favor da igrexa de Santiago. Debeu falecer pouco despois. As súas numerosas posesións e áreas de influencia dividíronse entre os seus dous fillos homes. Do matrimonio de don Hermenexildo e dona Elvira houbo os seguintes fillos: Gutierre (Arias) Menéndez, casado con Ilduara Eiriz e pai entre outros de san Rosendo, Arias Menéndez, Elvira Menéndez, esposa do rei Ordoño II, Patruina Menéndez e Inderquina Menéndez<sup>33</sup>. Velaquí o esquema desta familia nobiliaria:



# San Rosendo e a diocese de Lugo



Ramiro III **PAIO I**  
(967-985) Rodríguez  
Bispo de Iria

RUDESINDUS

miscelánea de arte e cultura



## 2. Durante o pontificado de Recaredo de Lugo (893-924)

Sabarico, bispo de San Martiño de Mondoñedo, fíxose cargo da tutela do seu sobriño-neto e sucesor Rosendo Gutiérrez (san Rosendo, neto da súa irmá Ermesinda). O 27 de febreiro de 922, Sabarico está presente nunha carta real que tamén subscribe o metropolitano Recaredo de Lugo (893-924): *Hordonius rex... Recaredus episcopus... Sauarigus episcopus*<sup>34</sup>. Con todo, o 18 de decembro de 922 Sabarico xa non está xunto a eles (*Hordonius rex... Recaredus episcopus*<sup>35</sup>), e sabemos por unha carta orixinal que chegou felizmente ata hoxe, que só dez días despois, o 28 de decembro de 922, o repetido *Ordonius rex* outorgou unha doazón dirixida a favor de: *ecclesie uestre in locum Sancti Martini episcopi, Dumiense sedis et pontifici Recaredi, uilla mea propria... non procul remota ab urbe Luco*<sup>36</sup>. Quizais nunca cheguemos a saber que é o que ocorreu para que se producise esta indubidable aparición do bispo Recaredo de Lugo (893-924) á fronte da sede Dumiense. ¿Que ocorreu para que o bispo de Lugo se atopase agora á fronte de Mondoñedo?

Ordoño II quedara viúvo da nai dos seus cinco fillos, Elvira Menéndez (sobriña de Sabarico e tía de san Rosendo), pouco logo do seu último documento coñecido, datado o 8 de setembro de 921<sup>37</sup>, tras regresar dunha campaña vitoriosa contra os musulmáns: *Volvendo con gran triunfo a Zamora, atopou defunta á raíña dona Elvira, e canto houbo de gozo polo triunfo tanto gustou de tristeza pola morte da raíña*; unha tristeza compartida sen ningunha dúbida, por toda a familia de san Rosendo, que non moito despois houbo de asistir aos seguintes esponsais de Ordoño II coa moza Aragonta González, prima-irmá do noso santo (*tomou tamén outra esposa de terra de Galicia, por nome Aragonta*)<sup>38</sup>, matrimonio celebrado quizais ao mesmo tempo que os infantes Sancho Ordóñez e Ramiro (II), contraían matrimonio con outras dúas curmáns de san Rosendo, Goto Muñoz e Adosinda Gutiérrez, respectivamente. Pero xa é sabido que Aragonta *despois foi por el repudiada, porque non lle foi gustosa*, e que o rei *despois fixo por iso penitencia digna*<sup>39</sup>, o que vén explicar moi ben as incógnitas palabras que o citado documento de 28 de decembro de 922 (no que Sabarico foi substituído por Recaredo de Lugo, 893-924, á fronte de Dumio), pon en boca do monarca: *infelicis uiuens*<sup>40</sup>.

Así pois, opúxose resoltamente o vello bispo mindoniense, titor de san Rosendo, ao divorcio do seu sobriño Ordoño?, caeu Sabarico na “ira regis”? Polo menos parece prudente ter moi en conta o sincronismo de todos estes testemuños, pois xa é sabido que Ordoño II volverase a casar na primavera de 923 coa nova infanta Sancha, filla do seu bo amigo e estreito aliado Sancho Garcés I de Pamplona (905-926), o que vén reforzar o posible ostracismo temporal de Sabarico, que moi ben puido dedicarse nese momento de maneira total á formación do seu pupilo Rosendo. Ata



que, unha vez falecido o rei Ordoño o 15 de marzo de 924, o seu irmán e sucesor Fruela II (924-925) xa non houbo de atopar motivo algún para manter afastado por máis tempo da sede mindoniense ao seu venerable tío Sabarico, segundo constátase de forma expresa nunha escritura real datada o 17 de setembro do mesmo ano 924, que tamén subscribe o metropolitano lucense Recaredo (*Froila, serenissimus rex... Recaredus metropolitane sedis episcopus... Savaricus Dumense sedis episcopus*)<sup>41</sup>, xusto dous meses antes do falecemento do ancián Sabarico o día de San Román, recordado anos despois por san Rosendo (18 de novembro: *in memoria sancti patris mei spiritualis Saurici episcopi, festa Sancti Romani monachi persolvere functionem*) dun ano que con bo criterio haberá que situar tamén no propio 924, pois nunca máis volverá aparecer nos diplomas<sup>42</sup>.


O 23 de decembro de 927, en cuxa virtude Sancho e o seu irmán Afonso IV (*in presentia domni Santii et domni Adefonsi, domni Ordonii principis proles*), no transcurso dunha reunión na que están presentes os bispos Cixila (dimisionario) de León, Oveco de Oviedo (913-951), Fortis de Astorga (920-929), Hermenexildo de Iria atque *Rudesindus Sancti Martini Dumensis monasterii episcopus*, con non poucos abades e nobres (*nos omnes episcopi, abbates seu maiores*), proceden á restauración do mosteiro de Santa María de Loio, no *sub urbio (in territorio Gallecie, suburbio Lucensi... inter flumen Minei et riulum Logii)*, delegando no conde Gutier Menéndez, pai do santo, dita tarefa (*domnus Guttier sit titor ab hoc monasterio*)<sup>43</sup>.

Así, pois, san Rosendo asiste en Lugo a unha asemblea de magnates presidida polo rei Sancho Ordóñez de Galicia e o seu irmán Afonso IV de León, na que se trata sobre a restauración do mosteiro de Santa María de Loio, cousa que delegan no conde Gutier Menéndez (pai de San Rosendo), que nomea abade a Musiano, e que xuntamente coa súa muller Ilduara dona diversos bens ó mosteiro<sup>44</sup>.

### 3. A relación amistosa entre San Rosendo e o bispo Don Ero de Lugo (925-942)

Afonso IV de León, o 16 de agosto de 929 quixo conceder a un dos condes máis influentes de Galicia, Gutier Menéndez (pai de san Rosendo), os condados de Quiroga, a metade de Lor, Saviñao, Loseiro e Ortigueira (*Adefonsus rex, tio nostro domno Guttierre... ordinamus uobis ad imperandum commiso de Carioca, Cartelión, Laure medio, Sauiniano et Loseiro et Orticaria*)<sup>45</sup>.

San Rosendo asistía entre xuño de 930 e febreiro de 931, á reunión celebrada en Nogueira (de Portomarín, Lugo), e intervíña activamente no nomeamento de Adelfio como abade de Samos: *Postea vero stetit frater Adelfius in o seu preposiatico usquequo fecit domnus Rudesindus episcopus collatione in Nocaria et posuit eum abbatem in ipsum monasterium et fuit ibidem usque ad mortem suam*<sup>44</sup>.



Ramiro II tardou moi pouco en atender a chamada do seu irmán Afonso IV o Monxe, e o 31 de agosto de 931 xa se atopa presidindo en León a súa primeira magna asemblea, á que asistiron os grandes magnates, como o seu tío Gutier Menéndez (pai do santo) e o seu sogro Gutier Osorio (pai da raíña Adosinda Gutiérrez, prima-irmá san Rosendo), con moitos bispos do reino: Pantaleón (de Lamego, 920-935), Ordoño do Porto (931), Dulcidio de Zamora (924-953), Hermenexildo de Iria, Cixila (dimisionario leonés), Ero de Lugo (928-942), Salomón de Astorga (931-951), Xulián de Vivester (isto é, Bobastro, pois emigrara recentemente tras a derrota dos fillos de Omar b. Hafsún por parte do califa), Paio I de Coimbra (928-931), Salomón de Viseo (928-932), *Rudesindus episcopus huius epitalamii devotio-nis confirmat* e Oveco de León (927-950)<sup>47</sup>.

O 13 de maio de 933 está presente para defender os intereses dos monxes de Samos (*Rudesindus Dei gratia episcopus confirmat*) xunto aos bispos Hermenexildo de Iria, Branderico de Tui (922-933) e Ermogio (dimisionario do Porto), durante a reclamación que fixeron os monxes de Samos a Ramiro II pola invasión que sufriran nalgunhas das súas propiedades<sup>48</sup>.

O 28 de maio do ano 933 recibe, en terras do bispado de Lugo, unha doación pola que o presbítero Ildefredo testa a favor de San Rosendo a cuarta parte dun mosteiro xunto ó Miño, en Cañizos, territorio de Lemos<sup>49</sup>.

O 11 de marzo de 934 san Rosendo e os seus catro irmáns proceden a dividir e a repartir a herdanza recibida dos seus avós e pais, nos que aparece clara a súa vinculación ás propiedades que tiña na diocese lucense (*Rudesindus episcopus, Munionem, Froilanem, Adosinda et Ermesinda... denique placuit nobis ut faceremus inter nos collmellum diuisionis de uillas ex succesione auorum nostrorum Hermegildi et Ermesinde, Eroni et Adosinde, uel etiam genitorum nostrorum Gutierris et Ilduare*), de forma que *vnde euenit in portione Rudesindi episcopi* diversas propiedades repartidas por moi diversos lugares de toda a vella “Gallaecia”, desde o Atlántico ata Zamora e o río Cea, isto é, *in Portugale... Auriense... in flumine Minei... in Caldelas* (actual provincia de Ourense) *in Monte Roso* (provincia de Lugo)... *sub urbe Lucense... in Saliense*. (provincia de Pontevedra)... *in suburbio Conimbrie... in Baroncelli* (entre Ourense e Portugal)... *in Berizo* (O Bierzo)... *in Terra de Fora* (a terra foramontana, isto é, a meseta astorgana e leonesa)... *iuxta Zamora; in Asturias... in Bubalo* (entre Lugo e Ourense)... *in Laurentiana* (Lorenzana, nas inmediacións de Mondoñedo)<sup>50</sup>. (Búbal<sup>51</sup>).

Namentres, o proxecto de Celanova seguía adiante, esta vez por iniciativa do irmán pequeno de san Rosendo, Fruela, que procedeu a formalizar a piadosa doazón da vila de “Villare”, o 12 de setembro de 936: *Ego Froyla et uxor mea Sarracina... pro remedio animarum genitorum meorum Gutierris et Ylduare uillam in terminos Gallecie, territorio Bubalo, subtu monte Leporario, ripam riuusculi Sorice, quam*

*inquiunt Uillare, cum alios suos uillares... sub regimine ac tuitione patris ac germanis mei domni Rudesindi episcopi construatur ibi templum in nomee Domini mei Saluatoris, in cuius nome e uotum istum dedicaui, vt sub imperio eiusdem pontificis almi hedificent ibi monasterium et congregetur ibi fratrum congregatio Deo militantium sub regulari tramite gradientum;* carta que foi redactada polo xa coñecido clérigo (mindoniense) *Aloytus diaconus et notarius scripsi;* e que foi subscrita pola nai do doante (*Ilduara in hunc testamentum quod filius meus pro Domno mihi uoluntate concessi propria manu confirmaui*), pola infanta Ximena e os bispos Oveco (de Oviedo), Hermenexildo (de Iria), Ero (de Lugo) e Salomón (de Astorga), ademais de varios abades (entre os cales *Franquila abba*) e varios magnates emparentados co noso santo, como Gutier Osorio (casado coa súa tía Ildoncia Menéndez), o seu irmán Munio Gutiérrez, o seu primo Hermenexildo González, e os seus cuñados Ximeno Díaz e Paio González<sup>52</sup>.

San Rosendo coa súa familia, morto xa o seu pai Gutier (antes de 938), nos mosteiros de San Salvador e Santa María de Loio: *Ego Ylduara cum filiis meis Rudesindus episcopus, Munnio, Froila, Adosinda, Ermesinda, adicimus in hoc testamentum pro remedio anime de nostro domno, diue memoria, domno Guttierre... inter ipsos mosteiros Sancti Saluatoris et Sancte Marie in ripa Logii*<sup>53</sup>.

O 27 de febreiro de 938 era a propia nai do santo, dona Ilduara, a que (probablemente xa viúva) outorgaba xa unha xenerosa doazón no seu exclusivo nome: *Monasterio Cellanoua, territorio Bubalo, litus riuusculi Sorice, non procul a monte Leporario, terminos Gallecie. Ego Ylduara... offero... uillas... uillares... in Bubalo... in Catauello... in Caldelas... in Castella... in Morratio... in Colimbria... in Salinienese... greges de uacas... uoes... boues... piscarias de Ograua illas que fuerunt de regalengo, quas nobis concessit rex domnus Hordonius (Ordoño II)... piscarias de Carinota... libros Psalterio Iº et Goticum Iº (colección de Leis visigodas)... illo seruitio de mensa... ad Cellamnouam testamus... pro anima de domno et uiro meo domno Guttier siue et nostra, cum Dei adiutorio per manus de filio nostro domno Rudesindo episcopo seu abbate uel fratribus qui in Cellanoua fuerint;* escritura que confirmaron, entre outros moitos, o abade Franquila e os bispos Cixila (dimisionario de León), Oveco de Oviedo, Hermogio (dimisionario do Porto), Hermenexildo (de Iria), o propio *Rudesindus episcopus confirmans*, Oveco de León, Visando (do Porto, 937-938), Salomón (de Astorga), Vimara (de Tui), Ero (de Lugo) e o bispo diocesano Diego I Pallítiz (de Ourense, 938-954), máis os xenros da doante, Ximeno Díaz e Paio González, o seu fillo Fruela Gutiérrez coa nora Sarracina, e a súa filla Adosinda (que fora repudiada polo rei facía varios anos)<sup>54</sup>.

O 31 de maio de 938 *Rudesindus episcopus* está presente no “testamento” outorgado polo seu vello coñecido o abade Adelfio de Samos, e xunto a el, o lucense *Erus episcopus*<sup>55</sup>.

Logo de 939, *domino Rudesindo episcopo, qui tunc clareuat uita et sanctitate in mosteiro Celenouensis*, consagra xunto ao seu inseparable amigo Ero de Lugo (928-942) o mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (Pontevedra), a súplicas da súa tía materna dona Teresa Eriz, viúva xa do conde Gonzalo Betótez<sup>56</sup>.

O 10 de outubro do ano 940, o presbítero Vimara dona a San Rosendo, e ós monxes de Celanova, unha viña xunto ó río Sil en territorio de Quiroga<sup>57</sup>.

O 26 de setembro de 942, por fin, o fundador do mosteiro de Celanova, *ego Rudesindus Dumiensis episcopus*, recordando como *construi monasterium ad calcem montis Leporarii, olim dictus Uillare, nuper autem Cellenouensis nomee peribetur*, e como elixira previamente ó abade Franquila (*quem elegi patrem et rectorem super ipsam domum uel commorantes in ea*) procede a dotar solemnemente a nova casa monástica (*offero mosteiro sancto et fratribus ibidem habitantibus*) con moi diversas propiedades repartidas polos máis variados territorios do reino, *id sunt, uillas: in Bubalo* (entre as provincias de Ourense e de Lugo)... *in Caldelas* (con centro no actual Castro Caldelas)... *in Salienes* (Salnés, provincia de Pontevedra)... *in Carinota* (Carnota, provincia da Coruña)... *in suburbio Conimbrie* (Coimbra)... *in Bergido* (O Bierzo)... *in Terra de Foris* (a meseta leonesa), *in Hordas* (Ordás, provincia de León), *in Ripa Rubea*, *in Alisonza* (Eslonza, no río Esla), *in Sullantio* (actual Mansilla de las Mulas), *in Auctarios* (Os Outeiros, León)... *iuxta Zamora*... *in ripa Minei*... *in Lemos*... *in Armeá* (río lucense, afluente do Neira)... *in Nemitos* (Nendos, na Coruña)... *in ripa fluminis Mandi* (Mandeo)... *in Faro* (provincia da Coruña)... *in Bregantinos* (Bergantiños, A Coruña)... *in Nemancos* (A Coruña)... *in Portugal*... Confirman entre outros moitos *Ero Bracarensis* (o metropolitano, porque tamén o era de Lugo), e o propio rei, *Ranimirus, diuina gratia fultus atque gloriosus*<sup>58</sup>.

Ramiro II probablemente aproveitou a ocasión para conceder en 942 a Fruela Gutiérrez (o irmán de san Rosendo), baixo a tutela da súa nai Ilduara (tía do propio rei), isto é, as dúas persoas que foran esenciais para facer realidade o “sono de Celanova”, o goberno do condado de Caldelas, máis a metade de Lor e de Quiroga (entre outras concesións), que anteriormente tivera o seu pai Gutier Menéndez e o seu tío Arias Menéndez: *Ranimirus rex, tibi Froilaz Guttierriz... ad imperandum, sub manus mater tue, tie nostre Ilduare, commisum de Caldelas, suc quomodo illum obtinuit pater tuus siue et Arias Menendiz; medietate Laure et Carioga*<sup>59</sup>.

## 5. Segue a boa relación no pontificado de Gonzalo de Lugo (942-945)

O 18 de maio de 950?, data na que segundo creemos *Rudesindus Dumiensis episcopus* confirma xunto a Hermenexildo de Iria, Oveco de León, Dulcidio de Viseo, Gonzalo de Lugo (945-950), os seus curmáns Suario e Rodrigo Gutiérrez, os

seus cuñados Ximeno Díaz e Paio González e varios membros do palacio, como o arcediano Diego e (o mordomo) Sisnando (próximo bispo compostelán), nunha doazón de Ramiro II á súa tía e irmá de leite (*conlaza nostra*) Muniadona Díaz (tía e concuñada a un tempo do santo) e ó mosteiro de Guimarães (*in tolo predicto Vimaranes*)<sup>60</sup>.

## 6. E en tempos do bispo Hermenexildo de Lugo (945-950)

E chegou ó fin outro gran día na vida de san Rosendo, cando coñeceu por fin o repouso aos seus case 43 anos de idade e tras un cuarto de século de pontificado mindoniense, cátedra á que renunciou, segundo creemos, no transcurso dun magno e multitudinario concilio palatino celebrado entre xullo e outubro de 950 na “urbe rexia” leonesa, presidido polo propio rei (*ad ipso benignissimo et clementissimo rex domno Ranemirus*) e coa asistencia dos bispos e os grandes magnates do reino: *Hermenexildo* (de Iria)... *o bispo Oveco Núñez de León, o outro Oveco de Oviedo, don Dulcidio de Zamora, Salomón de Astorga, Alderedo de Simancas, Dulcidio de Viseo, Ornato de Lamego* (943-956), *Gundesindo de Coimbra, Baltario de Tui* (948-950), *Hermenexildo de Lugo* (950-985, que probablemente foi nomeado nesta asemblea sucesor de Gonzalo) *e Arias de Mondoñedo. Tamén ante os condes Fernán González* (de Castela), *Ansur Fernández* (de Monzón), *Osorio Muñoz, Diego Muñoz* (de Saldaña), *Paio González, Ximeno Díaz* (cuñados do bispo) *e ante todos os magnates de palacio cos galegos e toda a cristiandade alí reunida*<sup>61</sup>, e, naturalmente, coa presenza do noso san Rosendo (*pontifici domno Rudesindo episcopo*), que no transcurso da asemblea foi relevado en Mondoñedo, segundo vese, polo seu sobriño Arias I Muñoz:

O 5 de marzo de 951, unha doazón de Ordoño III ao mosteiro galego de “Borvene”, cerca do Miño, que tamén subscriben Rudesindus episcopus, entre outros bispos, como o lucense *Hermenegildus episcopus*<sup>62</sup>.

Nunha carta datable o 17 de maio de 955?, en cuxa virtude Egeredo e Rósula fundan o mosteiro de Vilapedre (Sarria), posto baixo a xurisdición de Samos, gobernado entón por *Novidius abba* (951-964), en cuxa carta volve ser inequivocamente mencionado o noso santo en calidade de titular mindoniense: *Rudesindus Dumiensis episcopus confirma*<sup>63</sup>.

O 18 de decembro do ano 955 o matrimonio Sendino e Ninna, na diocese lucense, venden a San Rosendo e ós monxes de Celanova unha terra en Liñares, territorio de Quiroga, xunto ó río Sil<sup>64</sup>.

O 29 de novembro de 956? con motivo da solemne consagración do abade Cesáreo de Monserrat como arcebispo de Tarragona, celebrada no “Locus Sanctus”, con

asistencia de moitos outros preladados do reino: *Ego Cesarius... pergi ad domum Sancti Iacobi apostolicae sedis, qui est tumultatus in suam apostolicam sedem Galliciae. Et ego... fun ad domum Sancti Iacobi, et petivi benedictionem de provincia Tarragona... gloriosissimum Sisinandum condam qui praefuit cum suis pontificibus, ide est, gloriosissimo viro et Xpisto dilectissimo Ermegildo nomee, aspectu pulcherrimus metropolitanus... Wiliolfus fulgentissimus vir tudensis episcopus... Rudesindus dumiensis episcopus; Gundissalus legionensis episcopus; Adovarius austoriacensis sedis episcopus; Domenicus Numantinae, quae modo Zamora nuncupatur sedis episcopus; Tudemundus Salmanticensis sedis episcopus; Fredulfus auriensis sedis episcopus; Ornatus lamecensis sedis episcopus; Didacus portugalensis sedis episcopus... unxerunt me et benedixerunt de ipsa provincia tarraconensi*<sup>65</sup>.

*Rudesindus episcopus* aparece mencionado, xunto ao lucense *Hermegildus episcopus*, ao seu lado o 2 de marzo de 958, o primeiro de todos os bispos, en sendas doazóns reais dirixidas a favor da igrexa de Santiago<sup>66</sup>.

O día 28 de marzo do ano 959, o rei Sancho I doa a San Rosendo e ós monxes de Celanova unha mina de ferro situada no territorio de Lemos<sup>67</sup>.

